

**ACTA Nº 2019/14**

**SESIÓN ORDINARIA**

**DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,**

**VENRES, 27 DE SETEMBRO DE 2019**

No día de hoxe, ás **20:30 horas**, baixo a presidencia da Alcaldía-Presidencia, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **SESIÓN ORDINARIA** do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS (PP)

**ASISTEN:**

*PP (GPM do PP)*

RAMON MARTINEZ RIAL

SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA

RAMÓN FIGUEROA PÉREZ

YÉSICA FERNÁNDEZ MIGUÉNS

JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

JESÚS MARTÍNEZ CASTRO

*PSdG-PSOE (GPM do PSdG-PSOE)*

JULIO MANUEL DANIEL PARADELA BUSTO

BEATRIZ GONZALEZ BARGO

IVAN BERMUDEZ CASTRO (*PSdG-PSOE*)

*BNG (Grupo Mixto)*

ANXO MOLEDO CARREÑO

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:**

PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima dun terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldesa e da Secretaria (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido a Alcaldesa procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas das seguintes sesións:
  - a. Constitutiva, do 15.06.2019
  - b. Organizativa, do 04.07.2019
  - c. Extraordinaria, do 09.09.2019



2. Aprobación, se procede, da creación e dos Estatutos da Asociación de Concellos do Camiño da Ría de Muros Noia.

Parte de control:

3. Dación de conta das resolucións da alcaldía da núm. 233/2019 á núm. 517/2019
4. Dación de conta do Período Medio de Pagamento do 2º trimestre 2019
5. Dación de conta do informe da Intervención, ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL.
6. Dación de conta da aceptación das dedicacións exclusivas/parciais, no cumprimento do acordo plenario adoptado o 04.07.2019
7. Dación de conta da composición das Comisións Informativas, no cumprimento do acordo plenario adoptado o 04.07.2019
8. Mocións por razón de urxencia.
9. Rogos e preguntas.

**1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SEGUINTESES SESIÓNS: CONSTITUTIVA DO 15.06.2019, ORGANIZATIVA DO 04.07.2019 E EXTRAORDINARIA DO 09.09.2019.**

A Alcaldesa comenta que vai someter a aprobación os borradores das Actas das sesións do 15.06.2019, 04.07.2019 e 09.09.2019, que foron remitidas coa convocatoria a todos os membros da Corporación.

*Acta da sesión constitutiva do 15.06.2019*

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria constitutiva do día 15.06.2019.**

*Acta da sesión organizativa do 04.07.2019*

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: Aprobar a Acta da sesión plenaria organizativa do día 04.07.2019.**

*Acta da sesión extraordinaria do 09.09.2019*

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

O voceiro do GPM Mixto fai as seguintes observacións á Acta da sesión extraordinaria do 09.09.2019:

1. Gustaríalle que as referencias á súa persoa non se fixesen como Sr. Moledo Carreño senón como voceiro do BNG ou do GPM Mixto.
2. Gustaríalle que se reflectise na Acta a explicación de por que a sesión do 09.09.2019 tivo lugar ás 8:15 horas.



3. Gustaríalle que se reflectise na Acta o feito de que a Alcaldesa non deu a quenda de intervencións aos GPM nos diferentes puntos da Orde do Día.

En relación á primeira proposta de rectificación a Alcaldesa sinala que non hai ningún inconveniente.

En relación á segunda proposta de rectificación, a Secretaria-Interventora, coa autorización da Alcaldesa explica que a función fundamental das Actas é recoller con exactitude o texto íntegro dos acordos plenarios e o sentido dos votos que emite cada concelleiro; posto que esta cuestión ten unha importante relevancia xurídica no relativo a quen estaría lexitimado para impugnar os acordos adoptados polo Pleno Corporativo. En canto ao resto das intervencións dos concelleiros, a Acta só debe reflectilas de xeito sucinto, pero sen ser recollidas literalmente ou palabra por palabra as intervencións de cada membro corporativo. Debe recollerse simplemente un resumo das intervencións de cada concelleiro en relación aos asuntos que se someten a decisión do pleno.

En relación á terceira proposta de rectificación, a Alcaldesa comenta que ela non impediu as intervencións de ningún concelleiro, posto que ese non é o seu estilo. Eses asuntos xa foran debatidos e ditaminados na Comisión Informativa previa. En cada punto da Orde do Día ela mirou para cada voceiro e ao non facer ningún xesto de querer intervir, entendeu que non querían facer ningunha intervención. Se alguén quixese intervir, non tiña máis que facelo. Ao permanecer en silencio, someteu o asunto a votación. A Secretaria-Interventora, coa autorización da Alcaldesa, explica que isto tamén foi o que ela entendeu; é dicir, ao permanecer en silencio, entendeu que non querían facer ningunha intervención.

A Alcaldesa somete a votación a primeira proposta de rectificación da Acta do 09.09.2019 (*que as referencias ao Sr. Moledo Carreño se entendan referidas ao concelleiro do GPM Mixto*). O Pleno por unanimidade aproba a primeira proposta de rectificación.

A Alcaldesa somete a votación a segunda e terceira proposta de rectificación da Acta do 09.09.2019 plantexada polo voceiro do GPM Mixto. O resultado é o seguinte: sete (7) votos en contra do GPM do PP, tres (3) abstencións do GPM do PSdG-PSOE e un (1) voto a favor do GPM Mixto. Polo tanto non prosperan estas propostas de modificación.

Finalmente, sométese a aprobación a Acta do 09.09.2019 coa rectificación aprobada (*que as referencias ao Sr. Moledo Carreño se entendan referidas ao concelleiro do GPM Mixto*).

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e do GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto en contra (do concelleiro do GPM Mixto), adopta o seguinte ACORDO:**

**<<Aprobar a Acta da sesión plenaria extraordinaria do día 09.09.2019, coa seguinte rectificación:**

- ☐ **Todas as referencias da Acta feitas ao Sr. Moledo Carreño deben entenderse referidas ao: “concelleiro do GPM Mixto”>>**

## **2) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CREACIÓN E DOS ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA.**

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Informativa de Asuntos de Competencia Plenaria (do 23.09.2019) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:



.....

## DITAME, SE PROCEDE, DA CREACIÓN DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS E NOIA.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, por catro (4) votos a favor (concelleiros/las do GPM PP) e tres (3) abstencións (concelleiros/las do GPM PSdG-PSOE e GPM Mixto), sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente o seguinte ACORDO:

### << **Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** O 28.11.2018 o Concello de Lousame, xunto cos Concellos de Ames, Brión, Muros, Noia, Outes, Porto do Son e Santiago de Compostela, asinaron un *Convenio de Colaboración para a delimitación do itinerario cultural Camiño Inglés a Santiago da Ría de Muros e Noia*.

**Segundo:** O obxecto do Convenio era a colaboración de todos os Concellos sinalados nos traballos técnicos necesarios para elaborar unha proposta de delimitación do itinerario cultural Camiño inglés a Santiago da Ría de Muros e Noia, para a súa posterior á Xunta de Galicia, órgano competente para a súa aprobación segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

**Terceiro:** Coa intención de avanzar neste proxecto conxunto, preténdese constituír unha Asociación do Camiño Ría de Muros Noia, que estaría integrada polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son e Santiago de Compostela; permitindo que nun futuro se poidan integrar na asociación os Concellos polos que transcorra o percorrido do camiño Ría de Muros e Noia; e todo isto co obxecto de promocionar a ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia.

**Cuarto:** Remitido o borrador dos Estatutos que rexerán a futura Asociación, emíttese Providencia da Alcaldía, do 09.08.2019, solicitando informe á Secretaría-Intervención.

**Quinto:** Consta informe da secretaría-intervención núm. 166 do 12.08.2019

Á vista do antecedentes expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

**Primeiro:** Manifestar a vontade de constituír a asociación denominada **“ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA”**; e formar parte da mesma, de acordo co Borrador de Estatutos, que obran no expediente administrativo.

**Segundo:** Prestar a conformidade ao Borrador de Estatutos da **“ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA”**, que obran no expediente administrativo.

**Terceiro:** Designar como representante do Concello de Lousame na Asociación á Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais; ou á persoa que legalmente a substitúa.

**Cuarto:** O pagamento das cotas que lle correspondan ao Concello de Lousame, será realizado polo órgano competente, previa fiscalización da intervención municipal. Unha vez coñecidas as ditas cotas, incluír no Orzamento Municipal as dotacións necesarias para facer fronte ao dito gasto.

**Quinto:** Facultar á Alcaldía para realizar cantas actuacións e xestións sexan precisas para a efectividade do presente acordo plenario>>



ANEXO:  
ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA

## CAPÍTULO I

### DA ASOCIACIÓN EN XERAL

#### Artigo 1º. Constitución e denominación.

1. Constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A Asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA"

2. A Asociación rexerese polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

#### Artigo 2º. Domicilio social.

No momento da constitución o domicilio da Asociación radicarás na Casa do Concello de Lousame, en Portobravo, nº 1, 15214 Lousame (A Coruña).

#### Artigo 3º. Ámbito territorial.

A Asociación, en función dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial dos concellos que a integran. Poderá, en todo caso, realizar actuacións fóra deste territorio sempre que respondan á finalidade e obxectivos recollidos nestes Estatutos.

#### Artigo 4º. Duración

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

#### Artigo 5º. Fins da Asociación.

1. A Asociación constitúese coa finalidade principal a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais.

2. Son fins principais da Asociación:

- a. A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacobeá.
- b. A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacobeá e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
- c. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
- d. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
- e. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.



- f. Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- g. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia.
- h. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
- i. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
- j. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
- k. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
- l. Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
- m. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
- n. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

3. Para levar a cabo os seus fins a Asociación poderá:

- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
- b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño da Ría de Muros Noia nos concellos membros.
- c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
- d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
- e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
- f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
- g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
- h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

6

## CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

### Artigo 6º. Admisión de asociados.

1. A Asociación está integrada, no momento da súa constitución, polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela.
2. Poderán formar parte da Asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia, unha vez estea oficialmente delimitado e con independencia da denominación oficial que se adopte. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
3. A alta será solicitada polo alcalde ou Presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
4. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.



5. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

### **Artigo 7º. Dereitos dos membros da Asociación.**

Son dereitos dos membros da Asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da Asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao Presidente reunir á Asemblea Xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

### **Artigo 8º. Obrigas dos socios da Asociación**

Son obrigas dos membros da Asociación.

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

### **Artigo 9º. Perda da condición de socio.**

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.4.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

### **Artigo 10º.- Membro amigo**

1. Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño da Ría de Muros Noia. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

## **CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 11º. Órganos de goberno.**

Os órganos de goberno da Asociación son os seguintes:



- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da Asociación e está formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal.

### **Artigo 12º. A Asemblea Xeral.**

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

### **Artigo 13º. Competencias da Asemblea Xeral.**

Son competencias da Asemblea Xeral:

- Aprobar a modificación dos estatutos.
- Aprobar o plan de actuacións da Asociación.
- Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- Disolver a Asociación.
- Establecer a estrutura organizativa.
- Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

### **Artigo 14º. Reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral.**

- As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
- A Asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
- As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan o Presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o Secretario da Asociación.

### **Artigo 15º. Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral**

- Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.
- Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta Asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

### **Artigo 16º. Acordos da Asemblea Xeral.**

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.





### **Artigo 17º. Presidencia da Asemblea Xeral.**

As reunións da Asemblea Xeral estarán presididas polo Presidente, asistido do Secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

### **Artigo 18º. Elección de órganos unipersoais.**

1. A Presidencia da Asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola Asemblea Xeral. O Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e o Vogal que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen.
2. A Vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

### **Artigo 19º. Mandato dos membros da Xunta Directiva.**

1. A duración do mandato do Presidente será de catro anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
  - a. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.
  - b. Por perda da condición de membro da Asociación.
  - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

9

### **Artigo 20º. Atribucións do Presidente.**

O Presidente da Asociación serao tamén da Asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á Asociación.
- b. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e vogo de calidade.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea Xeral.

## **CAPÍTULO IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 21º. Atribucións da Xunta Directiva.**

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
  - a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.



- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da Asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
- d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da Asociación.
- g. As competencias que o Presidente ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de catro anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

### **Artigo 22º. Funcións da Secretaría e da Tesourería.**

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do Presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade..
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.

## **CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 23º. Patrimonio da Asociación.**

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral a unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.



2. O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

3. A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

#### **Artigo 24º. Recursos económicos da Asociación.**

1. Os recursos da Asociación procederán de:

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
- c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
- d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da Asociación, nese caso o peche será o da Asemblea Xeral que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

### **CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

#### **Artigo 25º. Modificación de Estatutos.**

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

### **CAPÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

#### **Artigo 26º. Acordo de disolución.**

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- a. Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.



c. Por resolución xudicial e firme.

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

## DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

A Alcaldesa toma a palabra para explicar que este asunto xa fora incluído nunha Comisión Informativa anterior, pero fora retirado da Orde do Día porque se comentara que nalgúns Concellos se estaban introducindo emendas ao texto dos Estatutos. Despois de facer as oportunas consultas, comprobouse que nalgúns Concellos si se adoptou esa emenda, pero sen alterar o texto dos Estatutos. Isto é, os Estatutos foron aprobados segundo a proposta remitida aos Concellos; e posteriormente aprobouse a dita emenda para ser tramitada nun futuro e acadar que todos os grupos políticos municipais teñan representación nesa futura Asociación.

O voceiro do GPM Mixto indica que presenta unha emenda ao ditame da Comisión Informativa que se somete a aprobación do Pleno Corporativo, que vai no seguinte sentido:

<<Engadir, no punto segundo do ditame, despois de onde di: "*persoa que legalmente a substitúa*". Deberá continuar con: "*co compromiso de que todos os grupos políticos do Concello de Lousame teñan representación na Asemblea Xeral*".

Supresión, do punto cuarto>>

A Alcaldía, sendo as 20:51 horas fai un recesso na sesión plenaria, co obxecto de estudar a emenda presentada polo concelleiro do GPM Mixto. 12

Sendo as 21:01 horas, reanúdase de novo a sesión plenaria ordinaria.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do GPM do PSdG-PSOE, explica que o seu grupo tomou a decisión de aprobar os Estatutos sempre que conste en Acta a emenda relativa á participación de todos os grupos políticos municipais na Asemblea. Así se aprobou noutro concello limítrofe, como no caso de Muros e no caso de Noia.

A Alcaldesa manifesta que baixo o seu punto de vista o oportuno é aprobar os Estatutos tal cal están; e logo aprobar a dita emenda para levar a cabo nun futuro próximo, unha vez que xa estean constituídos os órganos da dita Asociación. Xa que no día de hoxe aínda non están nin tan sequera constituídos.

O voceiro do GPM Mixto comenta que eles primeiro querían presentar unha emenda no sentido de modificar os Estatutos. Pero onte, no Concello de Noia, adoptouse un acordo exactamente igual que o que agora está propoñendo o GPM Mixto. E non implica ningún cambio de Estatutos. Simplemente no acordo plenario, que aproba o Estatutos, engádese que se adopta o compromiso de que todos os grupos políticos teñan representación na futura Asemblea Xeral desa Asociación. Con isto non se cambian os Estatutos, senón o ditame da Comisión Informativa, que non ten nada que ver.



A Alcaldesa sinala que segundo o que se falou no receso ela non entendeu que a emenda fora neste sentido; senón no sentido de cambiar os Estatutos. Se é como agora se manifesta, non hai ningún problema en aceptar a emenda.

En relación á 2ª parte da emenda (*supresión do punto cuarto do ditame, pagamento das futuras cotas da Asociación*) a Alcaldesa explica que as cotas aínda están sen aprobar, que se debaten e aproban polos Alcaldes na Asociación e o normal e que as mesmas se distribúan tendo en conta o territorio por onde discorre o Camiño de Santiago ou outros baremos. O Concello de Lousame xa leva xestionadas varias agrupacións de Concellos para acometer proxectos en común e sempre se establecen uns criterios proporcionais de reparto das cotas.

O voceiro do PSdG-PSOE comenta que tiveron acceso a un informe de Intervención doutro Concello onde aparecen xa reflectidas as porcentaxes que lle van corresponder a cada Concello. Sen embargo, no Concello de Lousame, non se facilitou información ningunha nese sentido. Por exemplo, Ames participará nun 17,9%, Brión nun 26 %...

A Alcaldesa manifesta descoñecer de que está a falar o Sr. Paradela Busto. Pregunta que sobre que cantidade se aplican esas porcentaxes.

O Sr. Paradela Busto indica que a el non lle constan cantidades, senón só as porcentaxes de distribución. Da lectura a parte dese informe, indicando que as cotas ordinarias da Asociación será repartidas segundo os habitantes de pleno dereito dos Concellos, achegando as porcentaxes que lle correspondería a cada un dos membros. Aí xa figura unha porcentaxe. A Lousame tocaríalle un 1,86 %.

A Alcaldesa comenta que é lóxica esa porcentaxe, xa que somos un dos Concellos máis pequenos en canto a poboación. Así tamén sucede, en canto ao tramo de Camiño que percorre o Concello de Lousame.

13

O Sr. Paradela Busto pon en dúbida esa última afirmación, de que o tramo de Camiño que percorre o Concello de Lousame sexa o máis pequeno. A Alcaldesa explica que así é; pero que xa se verá unha vez que estea confirmado e finalizado o trazado do Camiño a Santiago.

A Alcaldesa explica que vai someter a votación a emenda presentada polo concelleiro do GPM Mixto. Como a emenda ten dúas partes, preguntalle ao voceiro do Grupo Mixto se quere que se vote cada parte por separado. Se quere que se vote toda a emenda en bloque, non hai ningún problema, pero anuncia que o GPM do PP vai votar en contra, xa que non están dispostos a aceptar a supresión do punto cuarto do ditame.

O concelleiro do GPM Mixto acepta que se vote cada parte da emenda por separado.

Así, en relación á **primeira parte da emenda** (*engadir no punto terceiro do ditame “co compromiso de que todos os grupos políticos do Concello de Lousame teñan representación na Asemblea Xeral”*), o resultado da votación é o seguinte: unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once o seu número legal de membros. Queda aprobada esta emenda.

En relación á **segunda parte da emenda** (*supresión do punto cuarto do ditame*), o resultado da votación é o seguinte: sete (7) votos en contra emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP; tres (3) abstencións emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e un (1) voto a favor do GPM Mixto. Esta emenda non prospera.

Finalmente, sométese a votación do Pleno Corporativo, o ditame coa emenda aprobada. O resultado da votación é o seguinte:



En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<Antecedentes Administrativos:

**Primeiro:** O 28.11.2018 o Concello de Lousame, xunto cos Concellos de Ames, Brión, Muros, Noia, Outes, Porto do Son e Santiago de Compostela, asinaron un *Convenio de Colaboración para a delimitación do itinerario cultural Camiño Inglés a Santiago da Ría de Muros e Noia*.

**Segundo:** O obxecto do Convenio era a colaboración de todos os Concellos sinalados nos traballos técnicos necesarios para elaborar unha proposta de delimitación do itinerario cultural Camiño inglés a Santiago da Ría de Muros e Noia, para a súa posterior á Xunta de Galicia, órgano competente para a súa aprobación segundo a Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia.

**Terceiro:** Coa intención de avanzar neste proxecto conxunto, preténdese constituír unha Asociación do Camiño Ría de Muros Noia, que estaría integrada polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son e Santiago de Compostela; permitindo que nun futuro se poidan integrar na asociación os Concellos polos que transcorra o percorrido do camiño Ría de Muros e Noia; e todo isto co obxecto de promocionar a ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia.

**Cuarto:** Remitido o borrador dos Estatutos que rexerán a futura Asociación, emítese Providencia da Alcaldía, do 09.08.2019, solicitando informe á Secretaría-Intervención.

**Quinto:** Consta informe da secretaría-intervención núm. 166 do 12.08.2019

Á vista do antecedentes expostos, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

**Primeiro:** Manifestar a vontade de constituír a asociación denominada “**ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA**”; e formar parte da mesma, de acordo co Borrador de Estatutos, que obran no expediente administrativo.

14

**Segundo:** Prestar a conformidade ao Borrador de Estatutos da “**ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA**”, que obran no expediente administrativo.

**Terceiro:** Designar como representante do Concello de Lousame na Asociación á Alcaldesa, dona María Teresa Villaverde Pais; ou á persoa que legalmente a substitúa, co compromiso de que todos os grupos políticos do Concello de Lousame teñan representación na Asemblea Xeral.

**Cuarto:** O pagamento das cotas que lle correspondan ao Concello de Lousame, será realizado polo órgano competente, previa fiscalización da intervención municipal. Unha vez coñecidas as ditas cotas, incluír no Orzamento Municipal as dotacións necesarias para facer fronte ao dito gasto.

**Quinto:** Facultar á Alcaldía para realizar cantas actuacións e xestións sexan precisas para a efectividade do presente acordo plenario>>

ANEXO:

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA

**CAPÍTULO I**

**DA ASOCIACIÓN EN XERAL**

**Artigo 1º. Constitución e denominación.**



1. Constitúese unha Asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A Asociación ten a seguinte denominación: "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO DA RÍA DE MUROS NOIA"

2. A Asociación rexerese polos presentes estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

### **Artigo 2º. Domicilio social.**

No momento da constitución o domicilio da Asociación radicará na Casa do Concello de Lousame, en Portobravo, nº 1, 15214 Lousame (A Coruña).

### **Artigo 3º. Ámbito territorial.**

A Asociación, en función dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial dos concellos que a integran. Poderá, en todo caso, realizar actuacións fóra deste territorio sempre que respondan á finalidade e obxectivos recollidos nestes Estatutos.

### **Artigo 4º. Duración**

1. A Asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

3. A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### **Artigo 5º. Fins da Asociación.**

1. A Asociación constitúese coa finalidade principal a promoción da ruta xacobeá coñecida como Camiño da Ría de Muros Noia, con independencia de que poida tomar outra denominación en función do que determinen as investigacións históricas ou os recoñecementos oficiais.

2. Son fins principais da Asociación:

- a. A delimitación do itinerario histórico da ruta e o seu recoñecemento oficial como Camiño de Santiago a efectos de patrimonio cultural e ruta turística xacobeá.
- b. A investigación, documentación, catalogación, difusión e fomento da cultura xacobeá e do patrimonio natural e cultural dos concellos implicados.
- c. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño da Ría de Muros Noia.
- d. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e cultural do Camiño da Ría de Muros Noia.
- e. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño da Ría de Muros Noia.
- f. Canalizar a promoción turística do Camiño da Ría de Muros Noia, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
- g. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia.
- h. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.



- i. Incluir este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
  - j. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.
  - k. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
  - l. Representar aos concellos do Camiño da Ría de Muros Noia en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
  - m. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia leven a cabo outros organismos públicos e privados.
  - n. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.
3. Para levar a cabo os seus fins a Asociación poderá:
- a. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
  - b. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño da Ría de Muros Noia nos concellos membros.
  - c. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
  - d. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
  - e. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
  - f. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
  - g. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
  - h. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

## CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

16

### Artigo 6º. Admisión de asociados.

1. A Asociación está integrada, no momento da súa constitución, polos concellos de Ames, Brión, Lousame, Muros, Noia, Outes, Porto do Son, Rois e Santiago de Compostela.
2. Poderán formar parte da Asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño da Ría de Muros Noia, unha vez estea oficialmente delimitado e con independencia da denominación oficial que se adopte. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
3. A alta será solicitada polo alcalde ou Presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da Asociación, quen dará conta á Asemblea Xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
4. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da Asemblea Xeral.
5. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á Asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

### Artigo 7º. Dereitos dos membros da Asociación.

Son dereitos dos membros da Asociación:

- a. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.





- b. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
- c. Participar nas áreas da Asociación.
- d. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
- e. Ter coñecemento da execución do orzamento.
- f. Solicitar ao Presidente reunir á Asemblea Xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

### **Artigo 8º. Obrigas dos socios da Asociación**

Son obrigas dos membros da Asociación.

- a. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da Asociación e os seus órganos de goberno.
- b. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
- c. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

### **Artigo 9º. Perda da condición de socio.**

A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.4.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da Asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da Xunta Directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a Asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da Asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

17

### **Artigo 10º.- Membro amigo**

1. Poderán participar na Asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño da Ría de Muros Noia.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da Asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño da Ría de Muros Noia. Será a Asemblea Xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

## **CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 11º. Órganos de goberno.**

Os órganos de goberno da Asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da Asociación e está formada polo Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e un Vogal.

### **Artigo 12º. A Asemblea Xeral.**



A Asemblea Xeral é o órgano soberano da Asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

### **Artigo 13º. Competencias da Asemblea Xeral.**

Son competencias da Asemblea Xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos.
- b. Aprobar o plan de actuacións da Asociación.
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno.
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias.
- e. Disolver a Asociación.
- f. Establecer a estrutura organizativa.
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- h. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

### **Artigo 14º. Reunións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral.**

1. As sesións que celebre a Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A Asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As reunións da Asemblea Xeral, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a Asemblea Xeral sempre que asistan o Presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerà a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o Secretario da Asociación.

### **Artigo 15º. Convocatoria das reunións da Asemblea Xeral**

1. Tanto para a Asemblea Xeral ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.
2. Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta Asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

### **Artigo 16º. Acordos da Asemblea Xeral.**

Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente.

### **Artigo 17º. Presidencia da Asemblea Xeral.**

As reunións da Asemblea Xeral estarán presididas polo Presidente, asistido do Secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.



### **Artigo 18º. Elección de órganos unipersonais.**

1. A Presidencia da Asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola Asemblea Xeral. O Vicepresidente, o Secretario, o Tesoureiro e o Vogal que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen.
2. A Vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

### **Artigo 19º. Mandato dos membros da Xunta Directiva.**

1. A duración do mandato do Presidente será de catro anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
  - a. Por dimisión, comunicada por escrito á Asemblea.
  - b. Por perda da condición de membro da Asociación.
  - c. Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte Asemblea Xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de Presidente, Secretario e Tesoureiro.

### **Artigo 20º. Atribucións do Presidente.**

O Presidente da Asociación serao tamén da Asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á Asociación.
- b. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e vogo de calidade.
- c. Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral, con voz, voto e voto de calidade.
- d. Ordenar e autorizar pagos.
- e. Asinar en nome da Asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da Asemblea Xeral.

19

## **CAPÍTULO IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 21º. Atribucións da Xunta Directiva.**

1. A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:
  - a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da Asociación.
  - b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola Asemblea Xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
  - c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da Asociación e dea parte á Asemblea Xeral.
  - d. Executar os acordos da Asemblea Xeral.
  - e. Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola Asemblea Xeral na seguinte sesión que celebre.



- f. Velar polo bo funcionamento da Asociación.
- g. As competencias que o Presidente ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

2. A duración do mandato dos membros de Xunta Directiva será de catro anos, podendo seren reelixidos pola Asemblea Xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

## **Artigo 22º. Funcións da Secretaría e da Tesourería.**

Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da Asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na Asemblea Xeral e a Xunta Directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do Presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da Asociación e levar en orde a contabilidade..
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o Presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da Asociación.

## **CAPÍTULO V RÉXIME ECONÓMICO**

### **Artigo 23º. Patrimonio da Asociación.**

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta Asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola Asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a Xunta Directiva presentará á Asemblea Xeral a unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a Asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

2. O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

3. A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da Asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.



## **Artigo 24º. Recursos económicos da Asociación.**

1. Os recursos da Asociación procederán de:

1. A Asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
- b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.
- c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
- d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola Asemblea Xeral.

3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.

4. A Asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta Asociación.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da Asociación, nese caso o peche será o da Asemblea Xeral que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

## **CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS**

21

### **Artigo 25º. Modificación de Estatutos.**

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola Asemblea Xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

## **CAPÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN**

### **Artigo 26º. Acordo de disolución.**

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

- a. Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria.
- b. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- c. Por resolución xudicial e firme.

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.



## DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación.

### 3) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DA NÚM. 233/2019 Á NÚM. 517/2019.

A Alcaldía-Presidencia da conta das Resolucións da Alcaldía da número 233 á número 517 do 2019, que foron remitidas xunto coa convocatoria aos voceiros de cada grupo político municipal.

A Corporación dáse por enterada.

### 4) DACIÓN DE CONTA DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO DO 2º TRIMESTRE 2019.

A Alcaldía-Presidencia da conta do período medio de pagamento do 2º trimestre 2019, que ascendeu a 2,32 días.

A Corporación dáse por enterada.

### 5) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN, AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL.

A Alcaldía-Presidencia da conta do informe da intervención, emitido ao abeiro do artigo 218 do TRLRFL.

A Corporación dáse por enterada.

### 6) DACIÓN DE CONTA DA ACEPTACIÓN DAS DEDICACIÓN EXCLUSIVAS/PARCIAIS, NO CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO O 04.07.2019.

A Alcaldía-Presidencia da conta da aceptación dos cargos con dedicación exclusiva e parcial, no cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión plenaria organizativa do día 04.07.2019; tal e como consta na documentación remitida aos voceiros dos diferentes GPM.

A Corporación dáse por enterada.

### 7) DACIÓN DE CONTA DA COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS, NO CUMPRIMENTO DO ACORDO PLENARIO ADOPTADO O 04.07.2019.



A Alcaldía-Presidencia da conta da concreta composición das Comisións Informativas, no cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión plenaria organizativa do día 04.07.2019:

<<Unha vez presentados polos diferentes grupos políticos municipais os concretos concelleiros que formarán parte das Comisións Informativas e representarán ao Concello na Asemblea da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza.

No cumprimento do acordo plenario adoptado na sesión organizativa que tivo lugar o día 04.07.2019, por medio do presente, dase conta da concreta composición das comisións informativas e representantes do Concello na Asemblea da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza:

#### COMISIÓN INFORMATIVA DOS ASUNTOS DE COMPETENCIA PLENARIA

- Presidencia:** A Alcaldía, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais (Partido Popular)
- 3 representantes do GPM do Partido Popular:**
  - Titular: José Antonio Ces Barreiro. Suplente: Silvia Agrafojo Filgueira
  - Titular: Ramón Figueroa Pérez. Suplente: Ramón Manuel Martínez Rial
  - Titular: Yésica Fernández Miguéns. Suplente: Jesús Martínez Castro
- 2 representantes do GPM do PSdG-PSOE:**
  - Titular: Julio M. D. Pardela Busto. Suplente: Iván Bermúdez Castro
  - Titular: Beatriz González Bargo. Suplente: Iván Bermúdez Castro
- 1 representante do Grupo Mixto:** Anxo Moledo Carreño

#### COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

- Presidencia:** A Alcaldía, María Teresa Villaverde Pais (Partido Popular)
- 3 representantes do GPM do Partido Popular:**
  - Titular: José Antonio Ces Barreiro. Suplente: Silvia Agrafojo Filgueira
  - Titular: Ramón Figueroa Pérez. Suplente: Ramón Manuel Martínez Rial
  - Titular: Yésica Fernández Miguéns. Suplente: Jesús Martínez Castro
- 2 representantes do GPM do PSdG-PSOE:**
  - Titular: Iván Bermúdez Castro. Suplente: Julio M. D. Pardela Busto
  - Titular: Beatriz González Bargo. Suplente: Julio M. D. Pardela Busto
- 1 representante do Grupo Mixto:** Anxo Moledo Carreño

#### REPRESENTACIÓN DE LOUSAME NA ASEMBLEA DA MCSB:

- A Alcaldía, María Teresa Villaverde Pais (Partido Popular)
- GPM do PP: Ramón Manuel Martínez Rial. Suplente: Silvia Agrafojo Filgueira
- GPM do PSdG-PSOE: Beatriz González Bargo. Suplente: Julio M. D. Pardela Busto
- GPM Mixto: Anxo Moledo Carreño.

A Corporación dáse por enterada.

### 8) MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA.



## 8.1 APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2018.

A Alcaldía explica, tal e como se informou na Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria, que o período de información pública da Conta Xeral 2018 rematou o martes, día 24.09.2019. Polo que a Secretaría-Interventora non puido emitir o certificado relativo ao resultado da información pública até o 25.09.2019. Así, foi imposible incluír este asunto na convocatoria do Pleno, que tivo lugar o 24.09.2019. A Conta Xeral debe ser rendida antes do 15.10.2019; por iso considérase necesario incluír este asunto na orde do día por urxencia.

A Alcaldía somete a votación a urxencia da inclusión deste asunto na Orde do Día.

**En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: aprobar a urxencia deste asunto e incluílo na Orde do Día da sesión plenaria.**

A Alcaldía-Presidencia da conta do ditame da Comisión Especial de Contas (do 20.08.2019) que se somete a consideración do Pleno Corporativo, que é o que de seguido se indica:

.....

<<Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral desta Entidade, correspondente ao exercicio económico do 2018, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** O 14.08.2019 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2018, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

**Segundo:** O 14.08.2019 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

**Terceiro:** O 20.09.2019 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por seis votos a favor e unha abstención, e co quórum da maioría absoluta, informa favorablemente a Conta Xeral do 2018 ordenando a exposición pública da mesma.

**Quinto:** O 22.08.2019, no BOP núm. 158 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2018, outorgando un prazo de 15 días hábiles a fin de que durante o dito prazo e 8 días máis quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente. Do mesmo xeito, publícase anuncio no Taboleiro de Editos do Concello, o día 22.08.2019.

**Sexto:** O 25.09.2019 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2018 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2018, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.





Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018.

**Segundo:** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo>>.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións somete o asunto a votación.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por dez (10) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e do GPM do PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do GPM Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

<<Considerando que o obxecto do presente punto da Orde do Día do Pleno Corporativo do Concello de Lousame é proceder á aprobación da Conta Xeral desta Entidade, correspondente ao exercicio económico do 2018, no cumprimento do disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **Antecedentes Administrativos:**

**Primeiro:** O 14.08.2019 mediante Providencia de Alcaldía incóase o expediente para a aprobación da Conta Xeral do 2018, solicitando á Secretaría-Intervención que proceda a formar e informar a dita Conta Xeral.

**Segundo:** O 14.08.2019 a Secretaría-Intervención forma e informa a Conta Xeral, sendo comprobados os libros, documentos e xustificantes oportunos, así como toda a documentación anexa á mesma e esixida pola vixente lexislación.

**Terceiro:** O 20.09.2019 a Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria, por seis votos a favor e unha abstención, e co quórum da maioría absoluta, informa favorablemente a Conta Xeral do 2018 ordenando a exposición pública da mesma.

**Cuarto:** O 22.08.2019, no BOP núm. 158 sae publicado o anuncio de exposición pública da Conta Xeral do 2018, outorgando un prazo de 15 días hábiles a fin de que durante o dito prazo e 8 días máis quen se considere interesado poida presentar cantas reclamacións, reparos ou observacións teña por conveniente. Do mesmo xeito, publícase anuncio no Taboleiro de Editos do Concello, o día 22.08.2019.

**Quinto:** O 25.09.2019 a secretaria-interventora emite certificado de exposición ao público da Conta Xeral 2018 así como de que non consta a presentación de ningún tipo de reclamación, reparo ou observación.

Polo tanto, vista a Conta Xeral do exercicio 2018, o informe da Intervención e o ditame favorable da Comisión Especial de Contas.

Sendo que a Conta Xeral estivo exposta ao público para que puidesen presentarse reclamacións, non constando a presentación de ningunha.

De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local este Pleno Corporativo, **ACORDA:**

**Primeiro:** Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2018.



**Segundo:** Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo>>.

## 8.2 MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE OS DANOS DO XABARIL.

O voceiro do PSdG-PSOE comenta que quere presentar unha moción por razón de urxencia, relativa aos danos que provoca o xabaril.

A Alcaldía procede a someter a votación a urxencia desta moción.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción do PSdG-PSOE relativa aos danos do xabaril e a súa inclusión na Orde do Día.**

O voceiro do PSdG-PSOE, D. Julio M. D. Paradela Busto procede a dar lectura da moción, que é a que de seguido se insire:

.....

O Grupo Municipal dos Socialistas de Lousame de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galego en relación co abandono do medio rural galego.

### EXPOSICIÓN DO MOTIVOS

Os danos do xabaril constitúen a día de hoxe un grave problema social en Galicia, As poboacións destes animais causan danos na agricultura que Unións Agrarias ten estimado nun informe técnico en preto de 15 millóns de euros ao ano. Asemade os responsables de Tráfico e da Garda Civil informan dunha media nos últimos anos duns 1.100 accidentes de tráfico cada ano, vencellados á irrupción do xabaril nas estradas galegas.

Engadamos a estes efectos negativos, o problema que supón esta especie sobre os ecosistemas de zonas protexidas e espazos naturais, onde o seu control esté restrinxido e precian sobre a fauna protexida. Tamén o seu acercamento ás cidades co perigo certo que suponen para as persoas ás que poden atacar con consecuencias imprevisibles, como vén de pasar en Pontearreas recentemente.

Por último, a ameaza que supón o achegamento a Galicia da peste porcina africana, e a ameaza directa que supón para os centos de familias que dependen do rural do sector porcino, sectores que desaparecería por unha mala xestión das poboacións do xabaril, o seu principal vector de contaxio.

As fórmulas actuais para controlar as poboacións de xabaril a través da caza, de previr todos os seus danos, e de pagalos a que os está a sufrir, son a día de hoxe insuficientes, porque lonxe de poner o problema baixo control, aumenta cada ano.

Asemade o actual marco legal da caza en Galicia, deixa un simple papel de cómodo observador á Xunta de Galicia, quen delegou toda a responsabilidade e todo o traballo do control das poboacións de xabaril, e mesmo de pago dos danos, aos TECOR e Sociedades de Caza do rural, que carecen dos recursos e dos medios para afrontar estas responsabilidades.



Por todo o anterior, e dado a importancia que o rural representa neste Concello, como dinamizados fundamental e base da nosa economía produtiva solicita do Pleno municipal a adopción dos seguintes

### Proposta

Co obxectivo de harmonizar a coexistencia das poboacións do xabaril e a conservación desta especie, cun rural vivo e con actividade agraria e gandeira, coa seguridade da circulación viaria, e co equilibrio medioambiental dos ecosistemas naturais galegas, aos que unha proliferación desordenada desta especie, pon en perigo.

Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna, pasando a asumir directamente o Goberno galego as responsabilidades que a continuación se enumeran:

1. Elaborar un censo da poboación de xabaril en Galicia.
2. Determinar a densidade de xabarís que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos. O risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.
3. Fixar as medidas de control da poboación das xabarís.
4. Poñer en marcha novas medidas para o control dos danos na agricultura.
5. Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma os de a tempo parcial.
6. Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas.

.....

A Alcaldía, no tocante ao xabaril, quere centrarse no que ocorre en Lousame. Este animal produce danos naquelas persoas que cultivan as súas fincas para as súas explotacións ou para a súa economía familiar. Tamén, cando estivo no Parlamento de Galicia, tivo ocasión de presenciar debates sobre este asunto e coñece a postura que alí mantiveron os distintos grupos en canto a este tema. E a coherencia parece que nos abandona. Os políticos deberían recordar o que votan no parlamento e manter o mesmo criterio cando están alí e cando están coa xente.

O PSdG-PSOE propón elaborar un censo do xabaril en Galicia. Non hai ningún problema. En segundo lugar determinar a densidade máxima de xabarís que poden haber en cada zona. A ela tamén lle gustaría que isto se fixese non só co xabaril, senón con outras especies animais, que tamén causa moitísimo dano. En terceiro lugar, o PSdG-PSOE propón fixar medidas de control... Pregúntalle ao Sr. Paradela Busto a que concretas medidas se refire.

D. Julio M. D. Paradela Busto comenta que non é unha pregunta fácil de responder; xa que para entender o problema é preciso estar falando coa xente, e os técnicos tampouco se poñen de acordo, como puido comprobar persoalmente en tres reunións ás que asistiu en Santiago. O que sucede é que se están pasando a pelota entre as Administracións, os *Tecor*, e as empresas de produción gandeira; e ao final non se soluciona o problema. O que se pide non é eliminar o xabaril, senón que haxa unhas medidas de control e fixar cal é a poboación máxima que pode haber desta especie animal, para que sen eliminala non cause danos nin no rural, nin nas producións gandeiras, nin accidentes de tráfico.

A Alcaldesa pídelle que concrete cales serían esas medidas de control.

D. Julio M. D. Paradela Busto di que as concretas medidas teñen que ser os técnicos especialistas os que a dicten.



A Alcaldesa recoñece que é un gran problema; xa que os animais parece que están xa domesticados. Ela coñece tres lugares polos que cruzan habitualmente e son un risco para as persoas e tamén para quen cultiva as súas fincas. Cando había máis explotacións agrícolas, os animais tiñan máis que comer e por riba a poboación de xabarís era moitísimo menor. A cadea de animais era moito máis ampla e equilibrada do que sucede agora. Os técnicos deben estudar como coidar ás especies e permitir que a xente que viva no rural o poida seguir facendo e vivindo do que sempre se viviu.

A Alcaldesa di que o punto catro da moción propón poñer en marcha novas medidas para paliar os danos na agricultura...

D. Julio M. D. Paradela Busto di que o que pretende a moción é solicitar á Xunta de Galicia que poña todos os recursos e que se implique para solucionar todo este problema.

A Alcaldesa parécelle ben a moción pero pregúntalle ao Sr. Paradela Busto se non se lle pide nada a ninguén máis. Explica que ao igual que os concelleiros populares de Lousame, o Goberno Galego é plenamente consciente deste problema. Unha das primeiras medidas que vai adoptar a Consellería de Medio Ambiente é a elaboración dun censo oficial de xabarís por comunidade autónoma. Este censo permitirá facer un seguimento das poboacións da especie e adoptar medidas a nivel global de todo o territorio español.

Por outro lado, a Xunta puxo en marcha un amplo abano de medidas para diminuír os danos do xabaril no territorio: aumento da presión cinexética sobre o xabaril (pasouse de 7.452 exemplares capturados na tempada 07-08 a 16.118 na última tempada), a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural mantén reunións coas asociacións implicadas para definir criterios de actuación e e zonas afectadas polo xabaril e minimizar os danos, tamén medidas para paliar os danos na agricultura, diminución de accidentes de tráfico e estudos para coñecer mellor a especie. Tamén se ampliou o período de caza do xabaril até febreiro de 2020, aumentando as xornadas hábiles de caza. Tamén se autorizará a colocación de gaiolas en zonas onde as medidas de control habitual non acadan o resultado esperado. A Xunta tamén constituíu un grupo de traballo multidisciplinar para o estudo deste problema e poñer en marcha o paquete de medidas necesarias para a súa resolución, grupo integrado polo Ministerio de Fomento e Axencia Galega de Infraestruturas, Xefatura de Tráfico, Federación Galega de Caza, técnicos da Consellería de Medio Rural e Medio Ambiente. Están traballando no Plan de Xestión Integral do Xabaril dende o ano 2014. En relación aos accidentes de tráfico, colocáronse sinais de advertencia naqueles tramos de maior sinistralidade por este motivo así como o establecemento de pasos de fauna que eviten que a especie entre nas vías de comunicación. Igualmente as asociacións de caza están involucradas para axudar neste problema, facendo batidas programadas para alonxar á especie de zonas de tráfico conflitivas e tamén incrementando a presión nas zonas do ano máis perigosas, coincidindo coa semente do millo. Por último, sinala que a Xunta destinou fondos para unha liña de axudas compensatorias dos danos producidos polo xabaril cunha partida orzamentaria de 881.000 €. En total a Xunta investiu neste asunto 1.400.000 €.

Á Alcaldesa, para votar a favor, gustaríalle que a moción solicitase a implicación de todas as Comunidades Autónomas... Porque isto é unha poboación animal que se despraza. Así como se solicita elaborar un censo da poboación de xabarís en Galicia, pide engadir que o Estado elabore o mesmo censo en todas as Comunidades Autónomas.

D. Julio M. D. Paradela Busto, cando comezou a súa intervención sinalou que o problema que existía en Lousame era polo tema do xabaril. Así algúns veciños para espantar a estes animais, aparte de botar noites no campo, poñen dispositivos que non deixan durmir a outros veciños. É dicir... que o xabaril causa unha serie de problemas importantes no noso Concello non só polos danos en si mesmo considerados. Por outra banda, non só hai problemas nas estradas de alta capacidade. Nas estradas secundarias é onde hai máis sinistros por este asunto. A Alcaldesa fala de que se dobrou o número de xabarís mortos... Pero que son 16.000 xabarís nunha poboación estimada de 160.000 a 180.000 exemplares? Un xabaril ten unha media de 2 partos anos. Ese



número de cazas non representa nada no total. Hai que por en marcha unhas medidas urxentes. Por exemplo, no sector porcino.... A Alcaldesa falaba de que se moven entre comunidades autónomas, pois móvense entre Estados. Existen Estados que xa están tomando medidas; por exemplo Bélxica está cercada e toman medidas para que o xabaril non poida penetrar alí... En Galicia hai unha poboación entre 160.000 e 180.000 exemplares, e facer batidas para matar 16.000 exemplares, cando se reproducen moi facilmente, non soluciona o problema. Non lle gusta que se poña a escusa de España para apoiar a moción, xa que aquí non estamos a falar de política de altura...

A Alcaldesa comenta que o grupo municipal popular falou moitas veces deste asunto porque é un problema grave que ten o Concello de Lousame. Hai demasiada poboación de xabaril para o territorio que temos. E dálle rabia, e así o manifesta en todos os lugares aos que vai, que parece que as Administracións empezan a traballar nestes problemas cando os animais aparecen nun xardín ou nas murallas dunha gran cidade... Pero xa moito antes estiveron causando estragos nas zonas rurais. Gustaríalle que os técnicos das Administracións baixaran ao terreo para coñecer de primeira man o dano real que este problema lle causa á xente do rural, xa que os desmoraliza e fan que abandonen os seus cultivos, e as axudas que puideran recibir non lles compensa todo o que sofren por este asunto. A Alcaldesa está pedindo engadir á moción do PSdG-PSOE engadir que ese censo que solicita elaborar en Galicia tamén se solicite para todo o territorio, para todo o Estado Español. Pregúntalle ao Sr. Paradela Busto se esa petición é tan difícil para poder chegar a un acordo nesta moción.

O Sr. Paradela Busto entende que iso son excusas para non apoiar a moción, e por querer implicar ao goberno do Estado, que está gobernado polos socialistas.

A Alcaldesa contesta que a ela dálle igual quen estea gobernando en Madrid. Que o problema vai seguir existindo igual e que lle faría a mesma petición ao Goberno fose cal fose.

A Alcaldesa somete o asunto a votación.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

29

<<Solicitar á Xunta de Galicia que impulse unha modificación do marco legal vixente en materia de caza e xestión de fauna, pasando a asumir directamente o Goberno galego as responsabilidades que a continuación se enumeran:

- 1 Elaborar un censo da poboación de xabaril en Galicia.
- 2 Determinar a densidade de xabaris que pode haber en cada zona, con criterios científicos e técnicos obxectivos, en función do nivel de danos causados aos cultivos. O risco de accidentes de tráfico, e o risco de propagación de enfermidades de transmisión animal á cabana gandeira.
- 3 Fixar as medidas de control da poboación das xabaris.
- 4 Poñer en marcha novas medidas para o control dos danos na agricultura.
- 5 Pago das indemnizacións por danos causados pola acción da fauna salvaxe no patrimonio de agricultores e gandeiros, tanto os profesionais, coma os de a tempo parcial.
- 6 Posta en marcha dun Fondo de Corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago de indemnizacións de danos, e de medidas preventivas>>

### **8.3 MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE APOIO Á CAMPAÑA DE EMERXENCIA FEMINISTA.**

O voceiro do PSdG-PSOE comenta que quere presentar unha moción sobre apoio á campaña de emerxencia feminista promovida por varias asociacións de mulleres.

A Alcaldía procede a someter a votación a urxencia desta moción.



En consecuencia o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción do PSdG-PSOE sobre apoio á campaña de emerxencia feminista e a súa inclusión na Orde do Día.

O voceiro do PSdG-PSOE, D. Julio M. D. Paradela Busto procede a dar lectura da moción, que é a que de seguido se insire:

.....  
"PROPOSTA DE MOCIÓN DE APOIO Á CAMPAÑA #EmerxenciaFeminista PROMOVIDA POLAS ORGANIZACIÓNS DE MULLERES CON MOTIVO DA ACCIÓN PREVISTA PARA O 20 DE SETEMBRO DE 2019, EN TODO O PAÍS.

### **Ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de LOUSAME.**

Ao amparo do disposto no artigo 97.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2569/86 do 28 de Novembro, o Grupo Municipal Socialista de Lousame, presenta para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a proposición **sobre "Apoio á campaña #EmerxenciaFeminista promovida en Galicia, Rede Galega pola Igualdade, Asociación Profesional de Axentes de Igualdade de Oportunidades Galega, Sociedade Galega de Sexoloxía, Soño de Lilith, Teenses pola Igualdade, Foro Feminista Maruxa Mallo, Asociación Viúvas Demócratas de Vigo, Colectivo Feminista Pontevedra, Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo, así como a agrupación Comando Igualdade, e outras que se poderán ir sumando; todas elas en repulsa contra os asasinatos de mulleres e a violencia machista",**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O verán de 2019, será recordado como un verán negro, Os telexornais échense de asasinatos machistas, os seus titulares din que aparecemos mortas, non señores, estannos asasinando. O pasado mes de xullo, cada dous días, unha muller foi asasinada.

Isto xa non é unha alerta, declaramos a emerxencia feminista. País que asasinan aos seus fillos e fillas para causar o maior dos sufrimentos, Pederastia, trata, desaparicións, asasinatos, chantaxes, extorsión, ameazas, acoso, agresións, abusos, manadas, violacións están á orde do día. Unha xustiza que non é xusta, poñendo en dúbida a declaración das vítimas. Sentencias sen sentido que nos manda a mensaxe alta e clara de que "o teu corpo non te pertence, a túa vida non te pertence".

E seguimos, seguimos como si se puidese continuar. Seguimos porque están acostumbrados á nosa xustiza, están acostumbrados á violencia, están acostumbrados a tratarnos coma cidadáns de segunda, acostumbrados aos nosos corpos sen vida. Para vos "estas cousas pasan e pasaron sempre". Seguimos neste estado de guerra inadmisíbel nun estado democrático.

Non hai tempo, paremos o mundo, non se pode seguir normalizando esta situación, non se pode seguir condenando ás mulleres a convivir co terrorismo machista. Un terror que se mete en cada recuncho do noso día a día, coa dúbida constante de quen será a seguinte.

Fáltannos as máis de mil mulleres asasinadas dende o 2003, fáltannos todas as que non foron contadas, todas as que xa non están. So no mes de xullo 13 mulleres e unha menor foron asasinadas.

Basta de mirar cara outro lado, da falta de compromiso, dos erros que se permiten. Esiximos responsabilidade e maior compromiso de a tódalas institucións do noso Estado de Dereito, Por todo o anterior,



**SOLICITAMOS:**

Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organización feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través dos medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

1. Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contras as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
2. Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias; iso é terrorismo de estado.

.....

A Alcaldesa indica que o Concello de Lousame, dende que ela é Alcaldesa, traballou e aínda hai que traballar máis en combater esta lacra. Estase a traballar sobre todo na educación, porque cremos que aí é o campo onde máis hai que incidir, implicando ás familias, aos centros educativos, ter o Plan de Igualdade, renovalo, etcétera. A concelleira de Servizos Sociais vai ler un informe reducido das actuacións que está a desenvolver o Concello nesta materia.

Por último quere engadir que de todas as veces nas que se asasinou unha muller, sempre houbo unha manifestación ou concentración diante do Concello. Nesta ocasión non foi posible que todos estivésemos fisicamente na concentración; pero si estábamos alí presentes co mesmo pensamento de repulsa de sempre, profunda e sincera. E seguiremos loitando para que se implique toda a sociedade e que non pase que cando maten a unha muller logo os coñecidos se laien de que terían que haber denunciado pero non o fixeron. Dille ao Sr. Paradela que non se preocupe, porque todo o mundo sabe que o Concello se implica neste problema. Pídelle á concelleira do GPM do PP, dona Silvia Agrafojo Filgueira que proceda a explicar as actuacións do Concello nesta materia.

Dona Silvia Agrafojo Filgueira explica que no Concello de Lousame non se coñecen casos de denuncias por malos tratos, pero o Concello está a traballar na prevención destes supostos. Sobre todo se traballa co centro educativo, CPI Cernadas de Castro, levando a cabo un montón de actividades. Agora, neste momento, estase cun Programa de Igualdade. Onte tivo lugar a primeira xornada que era para traballar con nenos de primaria sobre os riscos do internet. E agora vanse facer 4 obradoiros e dúas xornadas formativas tamén para as familias.

A Alcaldesa interrompe a explicación para pedir que lle gustaría que as familias se implicasen e viñesen a esas xornadas, que xa as houbo o ano pasado. Ela asistiu como público e se falou de cousas interesantísimas que todos os pais e nais deberan coñecer.

Dona Silvia Agrafojo Filgueira segue a súa exposición dicindo que o Concello segue coa Mesa contra a violencia de xénero, que ten carácter semestral, estase levando a cabo a avaliación do II Plan de Igualdade que impulsou o Concello e vaise redactar o III Plan de Igualdade de Oportunidades para Mulleres e Homes.

A Alcaldesa, en canto a moción, quere manifestar o recoñecemento de toda a Corporación ás mobilizacións desenvolvidas e comprometernos a incrementar os recursos dende o Concello destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio. En relación coas demandas orzamentarias, o PSdG-PSOE e o BNG presentaron recentemente na Deputación da Coruña unha moción onde pedían do goberno galego:



- Solicitar do Goberno Galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario, así como partidas económicas para dotar de máis persoal especializado en violencia de xénero os medios que existen e que fagan posible unha maior cobertura nunha parte importante do territorio que hoxe carecen deles
- Solicitar do goberno do Estado un incremento das contías económicas destinadas á Administración Local no Pacto de Estado para os vindeiros exercicios orzamentarios, procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificidades do territorio ao que van destinadas.

Isto foi presentado na Deputación da Coruña e cre que por coherencia, se podería tamén incluír na moción presentada polo GPM do PSdG-PSOE.

O voceiro do PSdG-PSOE di que non hai ningún problema.

O voceiro do GPM Mixto sinala que el tamén ten uns puntos que lle gustaría engadir na moción:

- 1) Expresar o recoñecemento da Corporación ás mobilizacións desenvolvidas polo feminismo galego.
- 2) Comprometerse a incrementar os recursos económicos destinados á prevención e loita contra a violencia machista no vindeiro exercicio económico.
- 3) Demandar do Goberno Central:
  - a) O incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.
  - b) A reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.
  - c) Impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)
- 4) Demandar da Xunta de Galicia:
  - a) Un incremento substancial dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero que, como mínimo, deben situarse no 1% dos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2020.
  - b) Deixar de incumplir a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero comprometendo os recursos persoais e económicos necesarios para paliar os efectos negativos do seu incumprimento e da política económica aplicada durante a época Feijoo.

A Alcaldesa pregunta se quere incluír todos eses puntos na moción. Porque algún deles xa está incluído na proposta que ela fixo para engadir á moción do PSdG-PSOE. E outras peticións que fai de porcentaxes orzamentarias para destinar a estes fins, xa están superadas pola realidade, polo que esa solicitude se quedaría corta. Pregunta, aparte dos puntos expostos polo PSdG-PSOE e PP, cales a maiores desexa incluír o GPM Mixto?

A Alcaldesa preguntalle ao voceiro do PSdG-PSOE se quere incluír estas propostas na súa moción.

O Sr. Paradela Busto considera que o mellor era facer unha moción conxunta dos tres grupos políticos municipais.





A Alcaldesa tamén considera que isto é o mellor. Pero para iso, pídelle ao voceiro do Grupo Mixto que lle pase a súa proposta por escrito, porque ao ler tan rápido non percibiu ben todas as palabras que dixo.

O voceiro do GPM Mixto aclara que quere incluír os puntos 3.a, 3.c e 4.b.

A Alcaldesa, despois de ler a proposta do GPM Mixto, pregúntalle ao seu voceiro en que se incumpre a Lei 11/2007, do 27 de xullo, pola Xunta de Galicia.

O voceiro do GPM Mixto contesta que neste momento non o sabe porque non o mirou.

A Alcaldesa di que o seu GPM vai votar a favor da moción do PSdG-PSOE, dos puntos que se votaron na Deputación Provincial, e tamén apoiará o punto 3.a e o 3.c proposto polo GPM Mixto. Pídelle ao voceiro do GPM Mixto que retire a petición en relación ao punto 4.b, para poder facer unha moción conxunta de toda a Corporación.

A Alcaldesa explica que a moción conxunta quedaría así: a proposta do GPM do PSdG-PSOE, a do GPM do PP e os puntos 3.a e 3.c do GPM Mixto.

En canto aos fondos destinados pola Xunta de Galicia a Alcaldesa pensa que está claro que non son suficientes, porque mentres haxa unha soa vítima significará que non son suficientes. Pero para saber das cifras das que se fala, quere clarificar que os fondos destinados foron 14.000.000 de euros.

Finalmente, a Alcaldesa somete a votación a moción conxunta tal e como se explicou.

**En consecuencia o Pleno Corporativo, por unanimidade dos once (11) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:**

**<<Primeiro:** Apoio desta corporación municipal á campaña #EmerxenciaFeminista, convocada polas organización feministas e a colaboración coas entidades convocantes, a través dos medios dos que dispón o concello mediante as seguintes accións:

- 1 Pronunciamento público da corporación municipal contra os asasinatos machistas e contra toda forma de violencia contras as mulleres, contra a normalización da mesma, e contra a apatía e a indiferenza.
- 2 Posicionamento da corporación contra todas aquelas medidas, campañas e mensaxes que contribúan á xustificación da violencia de xénero, que promovan a súa minusvaloración ou cuestionamento así como das ferramentas normativas das que nos temos dotado para combatela. Non podemos permitir que teñan un espazo de poder quen non recoñece a violencia de xénero como un problema social, contra o que hai que loitar sen descanso dende tódalas instancias; iso é terrorismo de estado.

**Segundo:** Solicitar do Goberno Galego un incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia machista no vindeiro exercicio orzamentario, así como partidas económicas para dotar de máis persoal especializado en violencia de xénero os medios que existen e que fagan posible unha maior cobertura nunha parte importante do territorio que hoxe carecen deles

**Terceiro:** Solicitar do goberno do Estado un incremento das contías económicas destinadas á Administración Local no Pacto de Estado para os vindeiros exercicios orzamentarios, procurando que estes recursos sexan distribuídos tendo en conta as especificidades do territorio ao que van destinadas.

**Cuarto:** Demandar do Goberno Central:

- a) O incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local para o vindeiro exercicio económico, procurando os mecanismos legais oportunos para garantilos con independencia da situación política estatal e da existencia ou non de novos orzamentos.



- b) Impulsar as medidas oportunas para deixar de incumplir o Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul)>>

## 9) ROGOS E PREGUNTAS.

D. Julio M. D. Paradela Busto, voceiro do GPM do PSdG-PSOE, formula os seguintes rogos e preguntas:

1. *Cando se vai habilitar un local para os grupos políticos municipais?*

Alcaldesa: Dentro do edificio municipal vai ser complicado. Nin os propios concelleiros do equipo do goberno teñen sitio para exercer a súa labor. Agora estanse habilitando dous despachos na parte de abaixo do Concello.

Tamén chegou un escrito da Fegamp relativo á colocación de caixeiros nas zonas rurais onde non hai oficinas bancarias. Como Alcaldesa sempre estivo moi preocupada en atopar solucións para este problema que sucede en Lousame, onde os veciños non teñen un caixeiro automático para facer as súas operacións. Está contenta con esta iniciativa da Fegamp, sempre que isto non implique gravar aos pequenos Concellos cunha competencia máis da que se lles atribúe sen financiación.

Todavía non hai nada decidido, pero un dos lugares idóneos que se barallan para colocar o caixeiro automático é o Concello, porque é o lugar a onde chega a xente que vén no autobús, ou que vén ao médico. E para iso hai que destinar un sitio pequeniño que hai á entrada do Concello, que ocupou ela cando foi concelleira. E ese sitio permitiría colocar o caixeiro ao exterior e que viñera unha persoa unha vez á semana a atender algún tipo de transacción.

E xa non queda máis lugares na Casa Consistorial. Existe unha partida para os GPM que se pode destinar precisamente a iso, a alugar locais para exercer as funcións. Aquí neste espazo non é posible.

O Sr. Paradela Busto di que sen embargo algunhas entidades privadas si están ocupando un espazo no Concello.

A Alcaldesa di que é verdade. É a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, se o Sr. Paradela Busto a considera como algo privado.... Porque non hai ningunha máis.

O Sr. Paradela Busto di que tamén están os da Ría da Estrela....

A Alcaldesa di que non; que aí simplemente deixan material cando é preciso. Tamén anuncia que o Concello de Lousame vai iniciar os mecanismos oportunos para que a Mancomunidade participe nunha parte proporcional cos gastos comúns do edificio do Concello: luz, telefonía, alarmas, limpeza, etcétera a partir do ano que vén.

2. *No decreto 273 fálase dunha devolución dunha subvención do 2017 á Deputación. Por que non se cubriu esa praza?*

Alcaldesa: Contestará no próximo Pleno.

3. *SAF Dependencia. Como está este tema? Porque o anterior contrato quedou revocado.*

Alcaldesa: A punto de saír o novo contrato.



4. *Vai facer un ano que hai unha estrada semicortada, entre a Escabia e Fruime. Como está iso?*

Alcaldesa: Pois ese é un proxecto para nós, para o GPM do PP, para incluír no POS deste ano, e que non imos renunciar a el. E que vai abarcar gran parte do orzamento do POS. Tivemos que encargar un estudo xeotécnico, que custou máis de 3.000 €. Todo o que está feito na parte de abaixo é recheo. Por que sucedeu o derrubo? Porque hai moita auga que discurre polo lado oposto da estrada, a auga filtrouse por debaixo do formigón, formou unha bolsa de auga e arrastrou co todo. O estudo xeotécnico o que propón e trasladar o eixo da estrada. Non se pode reconstruír a estrada ata o talud que se derrubou. O proxecto está encargado e falado cos veciños.

O Sr. Paradela Busto di que esa é a opinión dun técnico.

A Alcaldesa di que si; que só faltaría ter que encargar tres estudos xeotécnicos.

O Sr. Paradela Busto di que el tamén falou cun técnico e non da esa opción que baralla a Alcaldesa.

A Alcaldesa di que ela dende o principio, con todos os técnicos que falou deste tema, todos coinciden na solución que hai que adoptar.

O Sr. Paradela Busto di entón que ese tramo vai quedar no aire.

A Alcaldesa di que non. Que quedará co eixo trasladado até arriba. E a curva que está até o Concello haberá que suavizala.

5. *A estrada que nos enfronta aquí diante do Concello, que se fai grazas a un convenio asinado coa Xunta. Non lle dan as contas. O convenio fala de arranxar a capa de rodadura por un total de 2.230 metros de lonxitude. E o outro día saíanlle 4.100 metros de actuación. Pregunta se o Concello multiplica pans e peixes.*

Alcaldesa: Cal é a pregunta, Sr. Paradela?

O Sr. Paradela di que non entende como se poden facer máis metros con menos cartos; porque no decreto de adxudicación puido comprobar que houbo unha baixa de adxudicación. Como se pode facer máis tramo con menos cartos?

A Alcaldesa dille ao Sr. Paradela que non se preocupe, que iso non sucede. Pero no próximo Pleno lle contestará con máis precisión.

6. *En Bargo hai un veciño que non ten un punto de luz. Pregunta se non paga os impostos como os demais veciños.*

A Alcaldesa pide que concrete esa pregunta.

O Sr. Paradela Busto di que ese veciño solicitou un punto de luz e non se lle concedeu.

A Alcaldesa responde: Outro?

7. *A Pista de Sabugueiro a Bargo está sen limpiar. E hai algunhas pistas que coas crecidas se lle está comendo a propiedade ao veciño. Cre que xa hai constancia diso no Concello.*

A Alcaldesa di que todas as pistas da parcelaria vanse seguir limpando.

8. *Quería saber se no PXOM do Concello de Lousame as casas pódense facer como cada un queira. Teñen que levar augas, non teñen que levar auga...*

Alcaldesa: Sr. Paradela, vostede leva aquí o tempo suficiente para saber como deben ser as pendentas que esixe o PXOM en Lousame. Agora mesmo tempos modificacións puntuais dese



PXOM a punto de presentar; e cre que van ser aceptadas porque son menores. Pero non entende cal é a pregunta.

O Sr. Paradela Busto pregunta se pode haber casas sen augas, sen tellado.

Alcaldesa: A cuberta planta é unha das modificacións que se van presentar.

O Sr. Paradela Busto pregunta polas que xa están feitas.

A Alcaldesa responde que as que xa están feitas, fixéronse fai moitísimo tempo, antes de que ela fose Alcaldesa.

9. *A estrada de Servia, o tramo que se arranxou, a ver se ordenan desbrozala, porque xa chegan as silvas a ela.*

Alcaldesa: E que aquí medra moitísimo a vexetación.

10. *Enfronte da Depuradora hai un rego que atravesa e a ver se lle poden botar un pouco de cemento.*

Alcaldesa: Os veciños saben perfectamente, porque estivo con eles, que quedou ese corte porque se vai facer agora unha nova actuación. Se botou zahorra para rechea ese oco. Que non se preocupe o Sr. Paradela por iso, que botarase o que faga falla para tapar ese lugar.

11. *Chamoulle a atención que o outro día saíu na prensa a Deputadora de Servia e Seixido; que xa están rematadas. Está en servizo? A cantas casas da servizo?*

Alcaldesa: Hai un erro no título da noticia. Dalles servizo ás casas que se conectaron de momento. E agora o Concello vai continuar coa actuación. Pídelle ao Sr. Paradela que acceda á Plataforma de Contratación do Estado; xa que o Concello de Lousame foi dos primeiros Concellos da comarca en licitar a través da Plataforma, cun gran esforzo dos funcionarios e de todos. Se accede á Plataforma de Contratos poderá comprobar que se están licitando agora mesmo todas as obras relativas a esas zonas. A Figueira é unha das zonas que está aí, en proceso de licitación.

O Sr. Paradela pregunta cantas casas están conectadas alí e cantas están conectadas en Servia.

A Alcaldesa di que en Servia, conectadas, hai máis das que o Sr. Paradela pensa. Hai xente que está preguntando como facelo. Ademais o Concello contratará un técnico externo para ir casa por casa por todo o Concello e se sorprenderá o Sr. Paradela de ver canta xente non estaba conectada... O próximo día contestará en concreto cantas casas están; posto que agora non ten o dato concreto.

Finalizada a quenda do GPM do PSdG-PSOE, a Alcaldesa dalle a palabra ao voceiro do GPM Mixto, que formula os seguintes rogos e preguntas:

1. *Roga que as Actas Plenarias cando se remitan, non fotocopien catro follas nun folio, porque traballar con iso é imposible.*
2. *Roga que non se colguen na páxina web as Actas dos Plenos antes de ser aprobadas, porque non son as definitivas e poderían causar erros.*
3. *Roga que se lles invite aos eventos que organiza o Concello, como pode ser o acto de homenaxe a Prudencio Romo. O seu neto nos preguntou se foramos convidados alí.*



4. *Roga que aos actos relixiosos asista a Alcaldesa de xeito personal, pero non no seu papel de Alcaldesa, xa que estamos nun estado laico e aconfesional.*
5. *Roga que para librarlle de cargas á Secretaria se fixeran as videoactas porque así xa quedaría todo grabado.*

Alcaldesa: Iso vai suceder en breve.

O voceiro do GPM Mixto di que así se librará de traballo á Secretaria Municipal.

A Alcaldesa di que a Secretaria municipal, sexa quen sexa, non se vai librar de traballo; porque existe moitísimo traballo no Concello e o persoal é o que é.

6. *Roga que a documentación do Pleno non se dea antes de ter lugar a Comisión Informativa. Porque no caso de aprobar algunha emenda, a documentación do Pleno se entregaría de xeito incorrecto.*
7. *Roga que cando se dea unha licenza municipal para a organización dun festexo, despois de que acaben os festexos que quiten as bandeiras porque vemos que as bandeiras acaban no chan ou seguen postas un ano despois. O plástico das bandeiras contamina.*
8. *Roga aos concelleiros do equipo de goberno que collan a documentación do Pleno e da Xunta de Goberno antes do mesmo día, porque o outro día vimos como collían a documentación o mesmo día... Co cal parece que non hai interese e que só se vai a levantar a man. Por tanto roga a todos os concelleiros que miren a documentación antes de que se faga o Pleno.*

37

Alcaldesa: A documentación xa a teñen todos os concelleiros, por vía electrónica, antes. Pero non se lle puido entregar físicamente antes. A Alcaldía podería rogarlle o mesmo ao voceiro do GPM Mixto cando presenta algunha cousa no Pleno que non ten preparada. Para dar leccións hai que ser exemplarizante.

9. *Gustaríalle saber quen leva a páxina do facebook de Lousame.*

Alcaldesa: Lévaa o Concello.

O voceiro do GPM Mixto pregunta que persoa en concreto.

A Alcaldesa responde que varias persoas.

O voceiro do GPM Mixto preguntao porque veu que en campaña electoral se utilizou de xeito partidista. E el xa deu a súa opinión que a coñece a Alcaldesa. E agora observan, que se subiu a esa páxina unha procesión. Pódese subir unha romaría, pero non o acto relixioso en si, cando estamos nun estado laico.

Alcaldesa: Ela diferencia totalmente a parte privada da parte pública. Cando vai como Alcaldesa a unha procesión, se é que somos coñecedores do noso territorio, e coñecedores de como se vive no rural, sabemos que a eses festexos vai moita xente que non é practicante nin crente, pero vai ao campo da festa, participa da procesión, leva incluso unha imaxe, porque o facían na súa casa de toda a vida... A xente da Comisión de Festas manda imaxes ao Concello e nos piden que as



publiquemos para dar publicidade ao evento e que a xente acuda ese día a participar. A procesión é unha parte máis desas festas que organiza a Comisión. A Alcaldesa sabe que non é compartido por todos, pero a procesión non lle parece só un acto relixioso, senón moito máis ca iso.

O voceiro do GPM Mixto non concorda coa Alcaldesa. Parécelle que é un acto relixioso. Pódese publicitar parte da Festa de San Roquiño, pero non publicar imaxes da procesión.

A Alcaldesa recolle a petición do voceiro do GPM Mixto de que non quere que se suban esas imaxes ao facebook. O equipo de goberno o analizará e tomará a decisión que estime máis conveniente.

*10. Gustaríalle saber se a Alcaldesa vai cumprir as súas promesas electorais, como lle acontece aos veciños de Zaramagoso, polo menos antes de que deixe a política. Os veciños queren que onde está a fonte se poña un lavadoiro.*

Alcaldesa: Comenta que as súas decisións futuras as falará no seu momento e co seu equipo. Pregúntalle ao voceiro do GPM Mixto se sabe onde está a fonte? Porque ela estivo alí. E se quere falan dese tema cun plano diante. Porque hai que coñecer as cousas... a veces non se coñecen os núcleos do Concello e se confúnden con Noia. Hai que coñecer a situación de cada sitio. Hai peticións que realizar. Xa houbo outras que se fixeron. E logo hai outras que hai que facer compartidas e igual antes hai que facer algunha xestión.

*11. Gustaríalle saber se o Concello ten pensado facer algo neste mandato co inventario de bens demaniais, patrimoniais, mobles e inmoables.*

Alcaldesa: Por suposto, e que xa traballando niso. Está encargado ese traballo, así como unha auditoría enerxética. Agora o que falta é que o Concello sexa capaz de tramitar todo iso, a parte doutros expedientes que tamén hai que tramitar, como expedientes de licitación, etcétera.

38

*12. Fai uns días a Alcaldesa saíu na prensa dicindo que faltou mobiliario público. Sabe algo ao respecto disto?*

Alcaldesa: Non. Nin veu a secreta nin a autónoma. A única opción é colocar cámaras e haberá que estudar a lexislación a ver se é posible colocalas. Sería interesante ver quen levou a mesa, quen arrinca o mobiliario urbano, quen tumba sinais, quen deposita continuamente lixo en sitios inaxeitados.... Encantaríalle saber quen é. Porque é apropiarse do público aínda é máis grave que apropiarse do dun veciño, porque pertence a todos. Temos que ser un Concello exemplar. O somos en moitas cousas e niso tamén o temos que ser. Se vemos a alguén que fai este tipo de actos, hai que denunciálo.

*13. Ten unha demanda dos veciños de Cruído, que a un veciño mandóuselle retirar o seu muro cando o tirou e reconstruíu de novo. En cambio, a outro veciño fai menos dun ano fixo un peche e un caseto e non seguiu a liña. Quería saber se esa obra tiña licenza municipal.*

*14. Durante a campaña electoral díxose que se ían instalar empresas no chan industrial...*

Alcaldesa: No. O que se dixo é que había empresas interesadas en instalarse en Lousame. E o que se dixo é que ía intentar desenvolver o chan industrial.



O voceiro do GPM Mixto di que el non entendeu iso, que o revisará. Pregunta se a Alcaldesa vai facer algo para que saia adiante o polígono industrial. Porque hai chan industrial, está debuxado no planeamento urbanístico...

Alcaldesa: Pregúntalle ao voceiro do grupo Mixto se coñece cal é o procedemento para ese tipo de instalacións. Se quere, un día, ven o técnico a explicar o procedemento, o tempo que leva e os trámites que hai que facer. Ela si iniciou os traballos para desenvolver, ela si foi a onde tiña que ir para desenvolver..., pero iso non é algo que dependa só da Alcaldesa. Lousame ten chan industrial en dúas ubicacións diferentes, e unha delas está incluída dentro do chan industrial de Galicia cunha puntuación bastante alta en canto ao seu desenvolvemento. Agora mellorou a lexislación; agora pódense desenvolver menos metros xa que antes había que desenvolveo na súa totalidade... O equipo de goberno está a traballar niso. Pero aínda que traballes e teñas todo o vento a favor é algo que non se consegue nun ano, e o sabe todo o mundo.

O voceiro do GPM Mixto insiste na súa pregunta.

A Alcaldesa di que xa lle respondeu. Que están traballando dende o principio niso.

*15. Gustaríalle saber que se vai facer o Día da Violencia de Xénero no Concello.*

Alcaldesa: O diremos no seu momento, cando o comuniquemos a todos.

*16. Ten queixas de veciños de que unha empresa privada está utilizando maquinaria do Concello. A Alcaldesa sabe algo? É certo?*

Alcaldesa: O tractor municipal tivo unha avaría e houbo que mandalo a reparar a Santiago. E tivemos que chamar a unha empresa para que fora desbrozar algunha parroquia. Pero levou a súa maquinaria. Non coñece ningún caso de ningunha empresa que utilice maquinaria do Concello.

O voceiro do GPM Mixto di que os veciños se referían á cisterna.

A Alcaldesa amosa sorpresa. Cre que se están mezclando varias cousas. Informaralle no próximo Pleno, cal é a maquinaria que temos, onde está e quen a usa.

*17. Trátase a todos os empresarios que hai no Concello por igual? Ou trátanse por cores políticas?*

Alcaldesa: Esa pregunta é unha insinuación, acusación, é unha provocación... Se vostede cre iso, denúncieo.

O voceiro do GPM Mixto di que llo comentaron a el.

Alcaldesa: Vostede terá a suficiente información política, e por iso o elixirían como Alcaldable a este Concello, para saber o que se di e onde se di. Se vostede sospeita iso en realidade e cre que iso é así, inmediatamente debe ir denunciálo. No Concello o que se seque é a Lei. Logo hai contratos menores e maiores... Pero gustaríalle que eses comentarios se viñeran a dicir ao Concello e con datos. Porque acusar é moi fácil, non saberá o voceiro do GPM Mixto as cousas que se dirán del, e dela, e do outro... Gustaríalle que todo o que se dixese por aí se trouxese ao Pleno Corporativo? E aínda sabendo cousas, as calamos.... Aínda vostede, nomeando a algún tipo de asociación, tivemos a prudencia....



O voceiro do GPM Mixto di que pode dicilo.

A Alcaldesa di que non vai dicir absolutamente nada, porque ela ten os seus principios propios. E non os vai cambiar en política. Vai seguir sempre pola mesma liña. Alá cada un coa súa conciencia. O que quere trasladar é que non se pode facer caso a todo o que se oe e cando alguén di algo, pois hai que ter coidado. Ela nunca vai facer ese estilo de política, nin tendo datos, nin sabendo datos, o vai facer.

*18. Cada día ve como o acoso escolar e o bullying aumenta... Ten pensado facer algo cos centros de ensino?*

Alcaldesa: Temos un solo centro de ensino, que é o CPI Cernadas de Castro. Nós sempre colaboramos co centro en todo o que eles nos demandan: formación, charlas, talleres, etcétera. Eles están facendo traballo nese senso, e sabe que teñen actividades aí... E se nos demandan colaboración do Concello aí estaremos.

O voceiro do GPM Mixto pregunta se non vai facer o Concello algunha actividade...

A Alcaldesa insiste que calquera actividade debe ser consensuada cos responsables do Centro Educativo. Dentro dun colexio público hai un organigrama, e o Concello non pode inmiscuirse nas tarefas do Centro. O Concello ofrece actividades e tamén lle preguntamos que necesitan eles. Se demandan algo nese sentido, o Concello está aberto a colaborar en todo o que soliciten.

O voceiro do GPM Mixto di que a Alcaldesa é mestra e sabe que moitas veces dende a parte educativa non se fai nada...

A Alcaldesa di que iso non é certo. Esa é unha acusación gravísima. Concrete o rogo.

O voceiro do GPM Mixto pregunta se o Concello vai facer actividades sobre o bullying.

Alcaldesa: Sempre e cando sexa demandado polo Centro Educativo.

*19. En campaña, se nos dixó, que paseaba todos os días polos parques... pois o parque que hai indo para a Filgueira está todo oxidado.*

Alcaldesa: En campaña electoral o que se dixó e incluso moito antes da campaña electoral... O que pasa é que vostede non estaba aquí nin é de aquí e non coñecía. Espera que agora pouquiño a pouco se vaia facendo con este Concello.

O voceiro do GPM Mixto di que tamén o PP ten concelleiros que viven en Boa, en Noia.... Incluso a Alcaldesa viviu en Portosín, tamén.

A Alcaldesa di que coñece este Concello, vive neste Concello e o quere cada día máis. E vaille facer unha última advertencia ao voceiro do Grupo Mixto. Rógalle encarecidamente que non faga alusión á vida privada, á familia de ningunha das persoas que están sentadas no Pleno Corporativo.

O voceiro do GPM Mixto contesta que a alusión a fixo a Alcaldesa.

Alcaldesa: Eu dixen que vostede non coñecía este concello, pero non dixen en ningún momento onde vostede vivía.





O voceiro do GPM Mixto repróchalle que a Alcaldesa di que el é de fóra.

Alcaldesa: Ela non dixo iso; dixo que non coñecía este Concello. E ademais ten o dato concreto de cousas que si sucederon, polo que sabe que o Sr. Moledo non coñece este Concello. Pero non vai dar ese dato porque non é o seu estilo. Pero vostede sabe que se estaba confundindo, que llo dixeron os veciños, que estaba no límite.

O voceiro do GPM Mixto contesta que mira como son os contos....

A Alcaldesa recrimínalle que el entón si pode traer os contos ao Salón de Plenos.

O voceiro do GPM Mixto responde que o candidato que estaba repartindo na campaña electoral, e co que houbo a confusión, foi o candidato de Noia, e non foi este candidato. E foi na Ponte San Francisco.

A Alcaldesa di que non se refire a ese sitio; que ela fala doutro lugar. Cal era o rogo? Porque xa se lle esqueceu e a ela tamén....

O voceiro do GPM Mixto di que estaban falando dos parques.

A Alcaldesa di que dende a lexislatura pasada xa dixemos que tiñamos un Plan de parques infantís. E fixemos moitos parques infantís, empezando por aqueles aos que máis nenos asistían: parque lo colexio público e parque do PAI. Logo foise ao parque de Quintáns de Béxeres porque estaba moi deteriorado. Despois actuouse no da Escabia, logo no do Sanguiñal, tamén se actuou en Camboño e Vilacova. E o próximo será en San Xusto, e xa o comentou cos veciños e coa concelleira que está aquí no Pleno. E o próximo xa veremos cal é. Ese que vostede di hai que desmontalo.

O voceiro do GPM Mixto di que iso foi o que quere saber... A Alcaldesa cre que o parque está en condicións?

Alcaldesa: Non. Iso non foi o que preguntou. Vostede non pode cambiar o que di. Vostede dixo que durante a campaña a Alcaldesa ía pasear polos parques do Concello e que vostede foi a pasear a ese parque da Filgueira e que estaba mal. Mal non, está fatal. Ela contesta que hai que retirar todos os elementos e ver se o parque se fai alí.

O voceiro do GPM di que veu unha nena de dous anos xogar alí, e no caso de cortarse pode coller unha infección porque está todo oxidado.

A Alcaldesa coincide en que hai que eliminar todos os elementos de alí, mentres non se poida actuar na totalidade do parque.

*20. Pregunta se a Alcaldesa ten pensado algunha bolsa de axudas para as familias que teñen fillos que queren ir ás actividades da ANPA e non poden chegar a fin de mes. Hai algunha familia que con dous fillos, se teñen que pagar de 12 a 15 euros pola actividade, élle difícil chegar a fin de mes e ao mellor non poderán mandar aos seus fillos ás actividades.*

Alcaldesa: Bola para as actividades da ANPA? O Concello axuda á ANPA pero non organiza as actividades da ANPA. A Alcaldesa di que o Concello ten axudas para as familias necesitadas, pero non para ir ás actividades da ANPA, senón para outras necesidades.



21. *Quere saber como está a concentración parcelaria. Cónstalle que nalgúns sitios xa está empezada. Quere saber cales e se vai empezar noutros sitios proximamente.*

Alcaldesa: Nos núcleos rurais.

O voceiro do GPM Mixto di que as aldeas son moi pequeniñas, e cada aldea ten a súa comunidade de montes. Entende que as comunidades de montes están mal organizadas, porque o debían ser por parroquias e non por aldeas. Pero deixando isto quería saber nas que se está traballando e se vai empezar algunha máis proximamente.

Alcaldesa: Vale.

22. *Ten pensado levar a cabo algún Plan de Asentamento da Poboación? Se é así, gustaríalle saber cal é.*

23. *Vai vostede a consorciar o Centro de Día ou vai seguir que o paguen os veciños coas tarifas que ten para seguir afogándoos?.*

Alcaldesa: Siga.

24. *Gustaríalle saber quen toma as Actas das Xuntas de Concelleiros Delegados.*

Alcaldesa: Un funcionario.

O voceiro do Grupo Mixto, pregunta: un funcionario de onde?

Alcaldesa: Do Concello.

O voceiro do Grupo Mixto, pregunta: poderíamos saber en que funcionario está delegado?

Alcaldesa: Logo se quere llo digo. Non quere nomear no Pleno a ningún empregado.

25. *Unha obra que se acaba de facer en Cruído nunha estrada, xa crecen as herbas polas beiras e polo medio. Non sabe e a Alcaldesa ten coñecemento diso.*

Alcaldesa: En que zona de Cruído?

O voceiro do GPM Mixto di que na que sube para igrexa. Ten coñecemento de que a herba medra pola estrada? Tiveron queixas dos veciños.

26. *Ten vostede pensado fomentar o Deporte Base nesta Lexislatura?*

Alcaldesa: O levan fomentado dende hai moito tempo. Cre que o saben as entidades deportivas do Concello perfectamente.

O voceiro do GPM Mixto di que unha das demandas que recibiron de pais é que non hai un equipo de fútbol 7 ou fútbol sala para poder levar aos seus fillos. Que non sexa nin no Lesende nin no Cruído.



*27. Quere saber como están os vestiarios do Campo do Cruído.*

Alcaldesa: Toma nota da pregunta.

*28. En relación ao campo de fútbol... Vanse poñer os focos como demandou a Xunta Directiva? Demandaron colocar máis, porque se vai pola noite a algún adestramento....*

Alcaldesa: Claro que vai. Que lles pasa? Non ven a pelota? Vaia vostede a algún adestramento.

Voceiro do GPM Mixto: El xa foi.

Alcaldesa: Non ve vostede a pelota?

Voceiro do GPM Mixto: Non. Eles non a ven, porque se fan sombras. Cre que xa llo comunicaron varias veces á Alcaldesa.

Alcaldesa: Toma nota. Non preguntou vostede antes pola contaminación, pola emisión de CO2 á atmosfera?

Voceiro do GPM Mixto: Si. Pero tamén me preocupan as demandas dos veciños.

Alcaldesa: Claro, pero teñen que compatibilizarse ambas cousas. Pero para iso hai que pasar traballo explicando. E sabe o que eles pediron, e sabe o que ela vai facer. Anota a demanda do voceiro do GPM Mixto.

*29. Gustaríalle saber se neste mandato se vai seguir facendo o Xantar dos Maiores*

Alcaldesa: Si.

O voceiro do GPM Mixto di que eles non queren ser invitados porque cren que é un acto caciquil.

Alcaldesa: Pois así o trasladarán, ao igual que o fan vostede nos seus Concellos, non?

O voceiro do GPM Mixto, di que el está representando a Lousame.

Alcaldesa: Por suposto, el pode opinar libremente.

*30. Gustaríalle saber se a Alcaldesa vai facer unha reunión de voceiros para as obras do POS. Aínda que hoxe xa quedou claro que non, porque xa dixo que ían meter unha obra.*

Alcaldesa: O que dixo é que esa obra vai ser para o equipo do PP irrenunciable. Porque é unha necesidade. E por iso xa encargo o proxecto sen saír a convocatoria. É unha necesidade facer esa obra e supón que é unha necesidade que todos compartimos. E se non a compartimos, temos un problema. As necesidades do Concello son moitas, pero algunhas son emerxencias.

*31. Ten vostede pensado adecentar o Monumento da Memoria Histórica no Confurco?.*

Alcaldesa: Toma nota. Fará unha reunión cos de Memoria Histórica e co voceiro do grupo mixto, e falon sobre este asunto. Primeiro para que saiba vostede de quen é ese terreo. Ela sabe o que



eles falaron con ela; e será mellor que eles lle expliquen ao voceiro do grupo mixto o que falaron entre eles.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e tres horas e sete minutos (23:07 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

A SECRETARIA-INTERVENTORA

María Teresa Villaverde Pais

Paula Ares Otero

